

que se aproban os métodos oficiais de toma de mostras de alimentos para animais (pensos).

d) O Real decreto 354/2002, do 12 de abril, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis oficiais no ámbito da alimentación animal, coa excepción das súas disposicións derradeiras segunda e terceira.

e) O Real decreto 2257/1994, do 25 de novembro, polo que se aproban os métodos oficiais de análise de pensos ou alimentos para animais e as súas primeiras materias.

f) O Real decreto 214/2003, do 21 de febreiro, polo que se establecen os requisitos para a determinación dos niveis de dioxinas e de policlorobifenilos (PCB) similares ás dioxinas nos pensos.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro do artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Exceptúase do dito carácter de normativa básica a regulación contida no artigo terceiro, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a, primeiro inciso, da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de sanidade exterior.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de xuño de 2007.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES E DE COOPERACIÓN

12195 *ORDE AEC/1817/2007, do 15 de xuño, pola que se modifica a Orde AEC/163/2007, do 25 de xaneiro, pola que se desenvolve o Real decreto 519/2006, do 28 de abril, polo que se establece o Estatuto dos cooperantes. («BOE» 148, do 21-6-2007.)*

O 14 de maio de 2006 entrou en vigor o Real decreto 519/2006, do 28 de abril, polo que se establece o Estatuto dos cooperantes (BOE do 13 de maio de 2006).

O Estatuto dos cooperantes contén unha serie de disposicións que requirían un desenvolvemento normativo ulterior. Para os ditos efectos aprobouse a Orde AEC/163/2007, do 25 de xaneiro (BOE do 2 de febreiro de 2007) que constitúe un desenvolvemento parcial do Estatuto dos cooperantes en relación con aquelas obrigas que este lle impón á Axencia Española de Cooperación Internacional (en diante AECI). A citada orde entrou en vigor o 3 de febreiro de 2007.

Polo que respecta ao seguro colectivo dos cooperantes, a Orde AEC/163/2007 establece os capitais mínimos

que, tanto a AECI na contratación do seguro colectivo como as entidades promotoras da cooperación internacional para o desenvolvemento ou a acción humanitaria que subscriban pólizas independentes, deben asegurar por cada un dos conceptos que a propia orde determina no seu punto quinto.

Transcorrido un prazo razoable desde a entrada en vigor das normas citadas, detectouse a necesidade de introducir unha modificación que afecta o capital mínimo asegurado fixado para a asistencia sanitaria na letra g) do punto quinto da Orde AEC/163/2007. A dita modificación obedece ás dificultades que encontraron as entidades promotoras da cooperación para o desenvolvemento ou a acción humanitaria para o cumprimento da dita exigencia á hora de asegurar con carácter individual o seu persoal.

En virtude de todo iso dispoño:

Primeiro. Modificación da letra g) do punto quinto da Orde AEC/163/2007, do 25 de xaneiro.–Modifícase a letra g) do punto quinto da Orde AEC/163/2007, do 25 de xaneiro, que queda redactada como segue:

«g) Asistencia sanitaria: 100.000 euros.»

Disposición derradeira.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 15 de xuño de 2007.–O ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, Miguel Ángel Moratinos Cuyaubé.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

12197 *ORDE APA/1818/2007, do 13 de xuño, pola que se modifican o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas hortícolas e o Regulamento técnico de control da produción e comercialización de chantóns de hortalizas e material de multiplicación de hortalizas distinto das sementes. («BOE» 148, do 21-6-2007.)*

A Directiva 2006/124/CE da Comisión, do 5 de decembro de 2006, pola que se modifican a Directiva 92/33/CEE do Consello, relativa á comercialización de chantóns de hortalizas e de materiais de multiplicación de hortalizas, distintos das sementes, e a Directiva 2002/55/CE do Consello, referente á comercialización de sementes de plantas hortícolas, unificou o ámbito de aplicación de ambas as directivas para que se apliquen aos mesmos xéneros e especies e ampliou ese ámbito ao xénero *Zea mays* L. (partim) millo doce, millo para flocos.

Pola súa vez, á luz dos avances científicos, púxose de relevo que algunhas denominacións botánicas utilizadas en ambas as directivas son incorrectas ou de dubidosa autenticidade, polo que se substitúen esas denominacións polas aceptadas internacionalmente.

As ditas directivas foron incorporadas ao ordenamento xurídico interno, no que se refire á certificación de determinadas especies, mediante o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas hortícolas, aprobado pola Orde do 1 de xullo de 1986, e o Regulamento técnico de control da produción e comercialización de chantóns de hortalizas e material de multiplicación

de hortalizas distinto das sementes, aprobado pola Orde do 28 de outubro de 1994.

Por esta orde incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2006/124/CE da Comisión, do 5 de decembro de 2006, mediante as adecuadas modificacións dos regulamentos citados no parágrafo anterior.

Por razóns de claridade e seguraza xurídica considérase conveniente substituír todos os xéneros e especies enumerados no anexo I do Regulamento técnico de control da produción e comercialización de chantóns de hortalizas e material de multiplicación de hortalizas distinto das sementes e os da epígrafe I, do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas hortícolas, polos do anexo desta orde. Ademais nese último regulamento insírense as novas especies, mantendo a súa nomenclatura exclusivamente en castelán, no anexo II e o anexo V. Neste último anexo, engadiuse o período mínimo de conservación da mostra para as novas especies que se incorporan a este, establecéndose no mínimo de dous anos.

En canto á posibilidade prevista no artigo 3 da Directiva 2006/124/CE da Comisión, do 5 de decembro de 2006, de pospoñer ata o 31 de decembro de 2009 a aplicación das disposicións respecto á aceptación oficial das variedades das especies que se acaban de incorporar á Directiva 2002/55/CE, só se considera necesario, para os efectos do Regulamento español, establecer este prazo para as especies para as cales non figuran variedades incluídas no Catálogo CE de variedades como *Allium schoenoprasum* L. e *Zea mays* L. (partim).

Na elaboración desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo primeiro. *Modificación da Orde do 1 de xullo de 1986, pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas hortícolas.*

Modifícase o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas hortícolas, aprobado pola Orde do 1 de xullo de 1986, da forma seguinte:

Un. Substitúense os xéneros e especies do punto «I. ESPECIES SUXEITAS AO REGULAMENTO TÉCNICO», polos que figuran no anexo desta orde.

Dous. No anexo II «REQUISITOS DAS SEMENTES», na táboa da epígrafe A, insírense por orde alfabética as seguintes inscricións:

«Allo	97	65	0.5
Cebola e chalota	97	70	0.5
Ceboliña	97	65	0.5
Ceboliño	97	65	0.5
Millo doce e millo para flocos	98	85	0.1
Ruibarbo	97	70	0.5»

Tres. Na táboa do anexo V «pesos mínimos das mostras e períodos de conservación» insírense, por orde alfabética, as seguintes inscricións:

«Allo	20	2
Cebola e chalota	25	2
Ceboliña	15	2
Ceboliño	15	2
Millo doce e millo para flocos	1000	2
Ruibarbo	135	2»

Artigo segundo. *Modificación da Orde do 28 de outubro de 1994, pola que se aproba o Regulamento técnico de control da produción e comercialización de chantóns de hortalizas e material de multiplicación de hortalizas distinto das sementes.*

Modifícase o Regulamento técnico de control da produción e comercialización de chantóns de hortalizas e material de multiplicación de hortalizas distinto das sementes, aprobado pola Orde do 28 de outubro de 1994, da forma seguinte:

Substitúense os xéneros e especies enumerados no anexo I «Lista de xéneros e especies recollidos no artigo 1» polos que figuran no anexo desta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», non obstante, as disposicións relativas á aceptación oficial das variedades correspondentes ás especies *Allium schoenoprasum* L. (ceboliño) e *Zea mays* L. (partim) (millo doce e millo para flocos), pospóñense ata o 31 de decembro de 2009.

Madrid, 13 de xuño de 2007.–A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

ANEXO

Xéneros e especies a que se refire o punto I do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas hortícolas e o anexo I do Regulamento técnico de control da produción e comercialización de chantóns de hortalizas e material de multiplicación de hortalizas distinto das sementes

« <i>Allium cepa</i> L.	Cebola.
Grupo Cepa.	Chalota.
Grupo <i>Aggregatum</i> .	Ceboliña.
<i>Allium fistulosum</i> L.	Allo porro.
<i>Allium porrum</i> L.	Allo.
<i>Allium sativum</i> L.	Ceboliño.
<i>Allium schoenoprasum</i> L.	Cerefolio.
<i>Anthriscus cerefolium</i> (L.) Hoffm.	
<i>Apium graveolens</i> L.	Apio.
	Apionabo.
<i>Asparagus officinalis</i> L.	Espárrago.
<i>Beta vulgaris</i> L.	Remolacha de mesa.
	Acelga.
<i>Brassica oleracea</i> L.	Col forraxeira ou verza.
	Coliflor.
	Brócoli.
	Col de Bruxelas.
	Col de Milán.
	Repolo.
	Lombarda.
	Colirravo.
<i>Brassica rapa</i> L.	Col chinesa.
	Nabo.
<i>Capsicum annum</i> L.	Pemento.
<i>Cicer arietinum</i> L.	Garavanzo.
<i>Cichorium endivia</i> L.	Escarola de folla rizada.
	Escarola de folla lisa.
<i>Cichorium intybus</i> L.	Endivia.
	Chicoria silvestre ou chicoria italiana.
	Chicoria industrial.
<i>Citrullus lanatus</i> (Thunb.) Matsum. et Nakai.	Sandía.

Cucumis melo L.	Melón.
Cucumis sativus L.	Cogombro. Cogombriño. Cabaza.
Cucurbita maxima Dúchense.	Cabaciña.
Cucurbita pepo L.	Alcachofa.
Cynara cardunculus L.	Cardo.
Daucus carota L.	Cenoria de mesa. Cenoria forraxeira.
Foeniculum vulgare Mill.	Fiúncho.
Lactuca sativa L.	Leituga.
Lens culinaris Medick.	Lentella.
Lycopersicon esculentum Mill.	Tomate.
Petroselinum crispum (Mill.) Nyman ex A. W. Hill.	Perexil.
Phaseolus coccineus L.	Feixón escarlata.
Phaseolus vulgaris L.	Feixón de mata baixa. Feixón de enrame.
Pisum sativum L.	Chícharo de gran rugoso. Chícharo de gran liso redondo. Chícharo cometodo.
Raphanus sativus L.	Ravo ou raviño. Rabo negro.
Rheum rhabarbarum L.	Ruibarbo.
Scorzonera hispanica L.	Escorzona.
Solanum melongena L.	Berenxena.
Spinacia oleracea L.	Espinaca.
Valerianella locusta (L.) Laterr.	Valerianela.
Vicia faba L.	Faba.
Zea mays L. (partim).	Millo doce. Millo para flocos.»

12198 *ORDE APA/1819/2007, do 13 de xuño, pola que se modifica o anexo V, sobre a clasificación das variedades de vide, do Real decreto 1472/2000, do 4 de agosto, polo que se regula o potencial de produción vitícola.* («BOE» 148, do 21-6-2007, e «BOE» 155, do 29-6-2007.)

O Regulamento (CE) 1493/1999, do Consello, do 17 de maio de 1999, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, dispón, no seu artigo 19, que os Estados membros clasificarán as variedades de vide destinadas á produción de viño.

O Regulamento (CE) n.º 1227/2000, da Comisión, do 31 de maio de 2000, polo que se fixan as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1493/1999 no relativo ao potencial de produción, especifica no seu artigo 20 que xunto co nome dunha variedade se engadirán sinónimos, se os houber, e a cor da uva. Igualmente, os nomes e sinónimos das variedades clasificadas axustaranse aos previstos na Organización Internacional da Viña e o Viño (OIV) e ás condicións fixadas no Regulamento (CE) n.º 930/2000, da Comisión, do 4 de maio, polo que se establecen disposicións de aplicación referentes á adecuación das denominacións das variedades das especies de plantas agrícolas e especies hortícolas.

O Real decreto 1472/2000, do 4 de agosto, polo que se regula o potencial de produción vitícola, establece nos seus artigos 27 e 28 definicións e categorías de clasificación relativas ás variedades de vide y recolle no seu anexo V, tras a modificación operada polo Real decreto

373/2003, do 28 de marzo, de medidas urxentes no sector vitivinícola, a clasificación das referidas variedades.

As comunidades autónomas, en virtude da competencia que lles atribúe o artigo 31 do citado Real decreto 1472/2000, do 4 de agosto, efectuaron clasificacións de variedades de vide, no ámbito dos seus respectivos territorios, de acordo coas necesidades da súa viticultura.

Resulta necesario, por tanto, modificar o anexo V do Real decreto 1472/2000, do 4 de agosto, para recoller as variacións experimentadas como consecuencia das modificacións realizadas polas comunidades autónomas.

As variedades que se recollen nesta orde inclúen tanto as contidas na Orde APA/748/2002, do 21 de marzo, pola que se dispón a inscrición de variedades e portaenxertos de vide na lista de variedades comerciais de plantas, coma as posteriormente incorporadas mediante as ordes seguintes: Orde APA/4441/2004, do 15 de decembro, pola que se dispón a inclusión de diversas variedades no Rexistro de Variedades Comerciais, Orde APA/1231/2006, do 7 de abril, pola que se dispón a inclusión de diversas variedades de distintas especies no Rexistro de Variedades Comerciais, e Orde APA/2740/2006, do 24 de agosto, pola que se dispón a inclusión de diversas variedades de distintas especies no Rexistro de Variedades Comerciais.

A disposición derradeira primeira do Real decreto 1472/2000, do 4 de agosto, habilita o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para modificar os seus anexos, co fin de adaptalos ás variacións que se produzan.

As comunidades autónomas e os sectores afectados foron consultados para a elaboración desta orde.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo V do Real decreto 1472/2000, do 4 de agosto, polo que se regula o potencial de produción vitícola.*

O anexo V do Real decreto 1472/2000, do 4 de agosto, polo que se regula o potencial de produción vitícola, queda substituído polo anexo desta orde.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 13 de xuño de 2007.—A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

«ANEXO ()

Clasificación das variedades de vide

VARIEDADES DE UVA DE VINIFICACIÓN

1. Comunidade Autónoma de Andalucía

Provincias: Almería, Cádiz, Córdoba, Granada, Huelva, Jaén, Málaga, Sevilla.

Variedades recomendadas:

Baladí Verdejo, B.
Garrido Fino, B.
Listán, B.
Moscatel de Alejandría, B.
Palomino Fino, B.
Palomino, B.
Pedro Ximénez, B.